

**Resolución do 12 de novembro de 2021 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproba a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia na especialidade de pedagogía terapéutica do corpo de mestres/as (597036). (código de procedemento ED003A)**

Por unha Resolución do 25 de outubro, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, convocouse un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia na especialidade de pedagogía terapéutica do corpo de mestres (597036). (código de procedemento ED003A)

Logo de realizada a comprobación dos requisitos e a valoración dos méritos e consonte co establecido na base sétima da citada convocatoria, procede aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas das listas de interinidades e substitucións e o baremo provisional na especialidade indicada e facelas públicas no portal da Internet desta consellería [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal)

En consecuencia, esta dirección xeral:

**RESOLVE:**

Primeiro. Aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia na especialidade de pedagogía terapéutica do corpo de mestres (597036).

Segundo. Ordenar a publicación no portal da Internet da Consellería de Cultura, Educación e Universidade [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal) a relación de persoas admitidas xunto co baremo (Anexo I) e a relación de persoas excluídas (Anexo II).

Terceiro. De acordo co disposto na base sétima da convocatoria, as persoas interesadas poderán formular reclamacións contra a resolución provisional que presentarán obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo normalizado do procedemento ED003A, opción "Alegacións", accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia no prazo de tres (3) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no citado portal de Internet da consellería.

Non se admitirán as alegacións que non sexan presentadas a través do procedemento indicado no parágrafo anterior.

Cuarto. Para o caso de que xurda a necesidade de cubrir interinidades ou substitucións con anterioridade á aprobación e publicación das listas definitivas, seguirase a orde de chamamentos establecida na lista provisional.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

